

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE CLUBS A.L.

A celebración desta competición estará condicionada á evolución da pandemia do COVID-19, ao estrito cumprimento da normativa vixente no momento da celebración da competición e das directrices establecidas polas autoridades sanitarias sobre as medidas de prevención, mitigación e protección no referente a minimizar os riscos de contaxio.

Art.1) A Delegación da F.G.A en O Barco de Valdeorras organizará, por designación da Xunta Directiva deste organismo, o XXXII Campionato Xunta de Galicia de Clubs ao Aire Libre o 17 de abril de 2021 no Estadio de Calabagueiros .

Art. 2 Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da tempada 2018/19. Estes clubs son:

Homes: Sociedad Gimnástica de Pontevedra, R.C. Celta, C.A.Santiago e C.A.Narón.

Mulleres: Ría Ferrol-Concepción Arenal, Atletismo Femenino Celta, Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Atlética Lucense.

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes do 9 de abril en:

direcciontecnica@atletismo.gal

O resto dos Clubs, ata completar o máximo indicado de 8 en cada categoría, designaranse por estadillo de marcas dende a tempada 2018/19 dos/as atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2018-19-20 teñan estado noutro club. O sistema de puntuación obterase puntuando as seguintes probas:

Homes: 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 110v., 400v. 3.000Obs., altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, xavelina, martelo e 10km ou 5Km marcha.

Mulleres 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 100v, 400v., 3000Obst. altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, xavelina, martelo e 5km marcha.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba realizándose na intranet (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) como data límite o día 11 de abril de 2021 as 20:00h. Os rexistros deberán ser acadados en probas oficiais e estar homologados. Valen as marcas de 5.000 polo 3.000 e o 10.000 polo 5.000 marcha así como as marcas da pista cuberta.

Art.3) No referente á participación de atletas estranxeiros/as e atletas de Clubs Asociados, aplicaranse as mesmas normas que ten a RFEA:

- Atletas estranxeiros/as: 5 participacións (Non contabilizarán os/as atletas de categoría sub18 e sub16).
- Atletas de Clubs Asociados: 6 participacións

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 13 de abril.

Art.5) O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio, 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs que participan. Os/as atletas (ou equipos) retirados ou descalificados non puntuarán.

Art.6) Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.7) Cada Club participante deberá cubrir un mínimo de 15 probas, non admitindo aqueles que non cheguen a este mínimo. Por acordo da comisión de clubs, aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs.

- **Categorías Sénior, Máster, Sub23 e Sub20: unha proba individual e un relevo.**

(Pendente de confirmación realización de relevos)

- Categoría Sub18: tódalas probas autorizadas. Só poden facer unha proba individual e un relevo. De tal xeito que a suma das distancias percorridas si son carreiras non exceda os 510m. (Pendente de confirmación realización de relevos)

- Categoría Sub16: unha soa proba sempre e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría ou o 4x100. (Pendente de confirmación realización de relevos)

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.8) O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de relevos, agás as inscricións realizadas previamente, non se contabilizarán. (Pendente de confirmación realización de relevos).

Art.9) O sorteo de rúas e orde de actuación comunicarase unha vez recibidas todas as inscricións.

Art.10) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.11) Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicara co horario definitivo.

Art.12).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, pendente da actual situación derivada do COVID-19. Á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.13).- Cada atleta entregará a folla de Declaración Responsable en cámara de chamadas, sendo imprescindible para poder participar.

Art.14) Horario da competición (provisional):

| HORARIO PROVISIONAL | | | | |
|----------------------------|----------|-------|-----------|----------|
| XORNADA DE TARDE | | | | |
| | | 15:00 | Martelo | Homes |
| 5000 marcha | Homes | 16:00 | Pértega | Homes |
| | | | Martelo | Mulleres |
| 5000 marcha | Mulleres | 16:30 | Altura | Homes |
| 400 valos | Homes | 17:10 | Lonxitude | Mulleres |
| | | | Disco | Homes |
| 400 valos | Mulleres | 17:20 | | |
| 400 | Homes | 17:30 | | |
| 400 | Mulleres | 17:36 | | |
| 800 | Homes | 17:41 | | |
| 800 | Mulleres | 17:46 | | |
| 200 | Homes | 17:55 | | |
| 200 | Mulleres | 18:02 | | |
| 1500 | Homes | 18:07 | Lonxitude | Homes |
| | | | Disco | Mulleres |
| 1500 | Mulleres | 18:20 | | |
| 110 valos | Homes | 18:30 | | |
| 100 valos | Mulleres | 18:40 | Pértega | Mulleres |
| | | | Peso | Homes |
| 100 | Homes | 18:50 | | |
| 100 | Mulleres | 18:55 | | |
| 3000 obstáculos | Homes | 19:03 | | |
| | | 19:03 | Triplo | Homes |
| | | | Xavelina | Mulleres |
| | | | Altura | Mulleres |
| 3000 obstáculos | Mulleres | 19:14 | | |
| 3000 | Homes | 19:30 | Peso | Mulleres |
| 3000 | Mulleres | 19:45 | | |
| | | 20:00 | Triplo | Mulleres |
| | | | Xavelina | Homes |

| | | | | |
|--------|----------|-------|--|--|
| 4x100* | Homes | 20:05 | | |
| 4x100* | Mulleres | 20:15 | | |
| 4x400* | Homes | 20:25 | | |
| 4x400* | Mulleres | 20:35 | | |

* Pendente dos permisos correspondente pola situación COVID19 da inclusión dos relevos)

Horario de saída á pista límite de presentación en Cámara de chamadas (deberán presentar, licenza federativa dixital, DNI ou calquera documento con foto): Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal postos.

- Carreiras e marcha: 7 minutos antes da hora oficial da proba.
- Carreiras con valados e relevos: 10 minutos antes da hora oficial da proba.
- Saltos (agás pértega): 20 minutos antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 40 minutos antes da hora oficial da proba.
- Lanzamentos: 20 minutos antes da hora oficial da proba.

Art.15).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.16).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.17) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2021), RFEA e WA.